

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



| | | | |
|-------------|------------|--------------|------------------------------------|
| EXPEDIENTE: | 16.269-445 | TIPO EXPTE: | INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE |
| | | SOLICITANTE: | Fomento |

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

I.- ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local , na sesión ordinaria do 22 de abril do 2021, acordou Adxudicar a mercantil CONTITRADE ESPAÑA S.A. o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445). Dito contrato foi formalizado en data 19.05.2021, contemplando un prazo de duración de dous anos e a posibilidade dunha única prórroga dun ano de duración.

II.- En data 8 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga do contrato do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445), por prazo dun ano, en favor da empresa CONTITRADE ESPAÑA S.A.

III.- O referido contrato atópase actualmente en vigor, rematando o vindeiro 19 de maio do 2024, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo

II.- NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

O artigo 28 da Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro de 2.014, en adiante LCSP, establece que a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión. Xustifícanse no presente



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/06/2024 08:22 | Páxina 1 de 4 |
| 16269-445 | CSV: A2A446-DE49E8-C93633-ZWCVNY-5N36CS-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



| | | | |
|-------------|------------|--------------|------------------------------------|
| EXPEDIENTE: | 16.269-445 | TIPO EXPTE: | INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE |
| | | SOLICITANTE: | Fomento |

informe as devanditas necesidades así como a súa relación directa, clara e proporcional co obxecto do contrato.

Debido o amplo parque móbil de vehículos municipais que utilizan os diferentes servizos municipais que o requiren, os vehículos precisan do subministro e montaxe de pneumáticos e outras prestacións de servizo asociadas consistente en reparación de pinchazos, equilibrado ou aliñación de dirección, permutas ou xiros de pneumáticos, etc... servizos para os que en moitos casos non se dispón de medios humanos e materiais axeitados no parque móbil municipal.

2. Idoneidade.

Ao abeiro de todo o exposto, considérase o obxecto e contido do contrato idóneo para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse, e imprescindible para o correcto funcionamento do Parque Móbil.

A opción da contratación mixta de subministro e servizos considerase segundo os técnicos que subscriben, a mais adecuada para o desenvolvemento dos traballos de subministro, montaxe e reparación de pneumáticos da flota de vehículos do parque móbil do Concello de Vigo, así como das prestacións de servizo complementarias asociadas, garantindo deste xeito unha maior eficiencia na utilización dos fondos públicos, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e principio de control de gasto, que deben presidir toda contratación pública.

III.- CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

No referente á cualificación do contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato mixto de subministro e servizo dos previstos no artigo 18 da LCSP.

IV.- FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS

O presente contrato resulta necesario para o exercicio de competencias propias previstas no art.25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, xa que se trata dun subministro necesario para o correcto



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/06/2024 08:22 | Páxina 2 de 4 |
| 16269-445 | CSV: A2A446-DE49E8-C93633-ZWCVNY-5N36CS-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



| | | | |
|-------------|------------|--------------|------------------------------------|
| EXPEDIENTE: | 16.269-445 | TIPO EXPTE: | INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE |
| | | SOLICITANTE: | Fomento |

desenvolvemento dos servizos contemplados como competencias propias.

V.- PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación.

VI- CONCLUSIÓN

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.**

A Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos.

O Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos.- Juan Sánchez González.

O Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños.

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023),

RESOLVO: "Iniciar expediente para a contratación do CONTRATACIÓN DO "SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO".

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos (Resolución da Alcaldía de datas 19 e 28 de xuño de 2023, BOP nº 123 de data 27.06.2023)- F. Javier Pardo Espiñeira.

Área de Fomento

3



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/06/2024 08:22 | Páxina 3 de 4 |
| 16269-445 | CSV: A2A446-DE49E8-C93633-ZWCVNY-5N36CS-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



| | | | |
|-------------|------------|--------------|------------------------------------|
| EXPEDIENTE: | 16.269-445 | TIPO EXPTE: | INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE |
| | | SOLICITANTE: | Fomento |

Dou fe,

A Secretaria de Goberno Local.

Susana Gallardo Fariña

Área de Fomento

4



| | | |
|---------------------------------------|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/06/2024 08:22 | Páxina 4 de 4 |
| 16269-445 | CSV: A2A446-DE49E8-C93633-ZWCVNY-5N36CS-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>